

Curso:
Nome e apelidos:

FICHA TÉCNICA DA PELÍCULA:

W. Becker



- Nacionalidade: alemana.
- Ano: 2003
- Director: Wolfgang Becker
- Xénero: drama-comedia
- Duración: 121 m.
- Intérpretes: Daniel Brihl (Alexander Kerner), Katrin Sass (Christine Kerner, a nai), Maria Simon (Ariane Kerner, a irmá de Alex), Chulpan Khamatova (Lara, a noiva de Alex), Florian Lukas (Denis, o amigo de Alex).
- Guión: W. Becker e Bernd Lichterberg.
- Fotografía: Martin Kukula.
- Música: Yann Tiersen (autor da BSO de "Amelia").
- Montaxe: Meter R. Adam.
- Premios: a Academia Europea de Cinematografía outorgoulle os Premios á Mellor Película dese ano, Guión, Actor e o Premio Jameson (por votación popular).

O director alemán Wolfgang Becker (1945) filmou esta comedia que trata sobre a nostalgia na extinta República Democrática Alemana (RDA), que foi todo un éxito de taquilla no 2003, tanto en Alemaña como en Francia. Este director traballa tanto no cine como na televisión.

É unha película onde se mesturan personaxes e situacións de ficción, xunto a outras de tipo histórico (arquivos da RDA, imaxes auténticas da caída do Muro de Berlín e da reunificación alemana...).

Na historia do cine, houbo outras películas que se inspiraron no Berlín da Guerra Fría e da división das dúas Alemañas ("Un, dous, tres", "Cortina Rasgada", "A Rúa do Sol"...), pero a orixinalidade desta é como afecta a caída da RDA a unha familia normal e corrente de finais da década de 1980.

SINOPSE OU RESUMO DO ARGUMENTO:

"Outubro de 1989 non era o mellor momento para entrar en coma se vivías na Alemaña Oriental, e iso é precisamente o que lle ocorre á nai de Alex, unha muller orgullosa das súas ideas socialistas e dirigente do Partido Comunista, entregada á política tralo abandono do seu marido (escapado á Alemaña Occidental).

Christine perde o coñecemento ao ver ao seu fillo metido en disturbios a raíz dunha manifestación en contra de Erich Honecker, coa policía do Estado que tanto admira.

Alex vese envolto nunha complicada situación cando a súa nai esperta de repente oito meses despois. Ningunha outra cousa podería afectar tanto á súa nai como a caída do Muro de Berlín e o triunfo do capitalismo na súa amada República Democrática Alemana. Para salvar á súa nai, Alex converte o apartamento familiar nunha illa ancorada no pasado, unha especie de museo do socialismo no que a súa nai vive cómodamente, crendo que nada cambiou. O que empeza como unha pequena mentira piadosa convírtese nunha gran estafa cando a irmá de Alex e algúns viciños e amigos da nai encárganse de manter a farsa, para que Christine Kerner sigan crendo que ao final Lenin venceu ao capitalismo. Alex, incluso, coa axuda do seu colega Denis, chega a montar falsos telexornais, no que reescribe a historia do seu país, e tal como lle houbese gostado á súa nai.

Paralela á película, tamén se prantexa a búsqueda do pai de Alex".

1. A VIDA NA ANTIGA REPÚBLICA DEMOCRÁTICA ALEMANA:

Despois de ver a película, e consultando o Tema 11 (páxinas 324-326, 328) e 13 (p. 374 e 377), contesta ás seguintes cuestións:

-¿Qué feitos históricos levaron á división de Alemaña en dous Estados separados?:

-¿Cando se produciu a división e ata cando durou?:

-Identifica algúns dos símbolos políticos, expresións ideolóxicas, personaxes históricos.... que aparecen na película e que tiñan relación coa Alemaña Oriental (por exemplo, as imaxes ou figuras de Lenin):



-Ao longo da película, e se nos fixamos, podemos decatarnos de cómo era a vida diaria na RDA, cos principais problemas que sufría a súa poboación e o que dicía a propaganda oficial do réxime. Trata de comentar algúns destes aspectos, no seu sentido positivo e negativo en cada caso. Se tes dificultades, consulta o libro de texto:

- *Por exemplo, a vida cotiá. Aparecen referencias ou críticas ao baixo nivel de vida dos alemáns orientais. Así, os pisos, aínda que cun aluguer baratos, eran moi pequenos e incómodos.....*

- *O sistema educativo e as actividades extraescolares:*

- *Os medios de comunicación e a propaganda:*

- *O papel da policía xermano-oriental:*

- *¿Cres que na RDA existía unha auténtica "Democracia Popular"? Razona a túa resposta relacionándoa con algunha das imaxes que aparecen a continuación:*



-¿Cómo era a situación da familia Kerner a finais da década dos 80? (en que traballaban ou estudiaban, cales eran as súas ideas, onde estaba o pai, que lle pasara á nai...):

-¿Qué festa ou acontecemento oficial se celebraba o 7 de outubro de 1989?:

-Ese día, Alex di que "aveciónábanse tempos de cambio". Logo, na súa casa, exclama "¡Menuda panda de inútiles!", e discute coa nai. ¿A que se refire o rapaz? ¿Qué lle responde a súa nai?:

-¿Cres que Alex e a súa nai tiñan a mesma opinión sobre a RDA? ¿En que se diferenciaban?:

2. A CAÍDA DO MURO DE BERLÍN:

A mesma noite do 7 de outubro do 1989, moitos cidadáns saen ás rúas, e querendo dar un paseo "sen ser molestados". Moitos deles achéganse ás cercanías do chamado Muro de Berlín.

-Busca no teu libro información para explicar cando, quen e por qué se decidiu levantar o chamado Muro de Berlín:



-¿Qué cres que simbolizou, durante moitos anos, esta imaxe do Muro e da Porta de Brandemburgo?(o monumento máis coñecido de Berlín):

-¿Qué eslogans ou peticións berran os manifestantes?:

-¿Cal foi a reacción da policía de Berlín Oriental cara aos que protestaban pacíficamente?:

-Pouco despois, os acontecementos precipítanse: demisión de Erich Honecker, caída do Muro de Berlín ("abran a porta"), primeiras eleccións democráticas nas que votan os alemáns occidentais e orientais, gañando Helmut Kohl....


Nesas intensas semanas, a película fai referencia a tres personaxes históricos directamente relacionados coa última etapa da RDA e a caída do comunismo. Busca información sobre eles, e relaciónalos co contexto da película:



Erich Honecker:



Mijail Gorbachov:



Helmut Kohl:

-A partir de aquí podes ver como foi cambiando a vida dos antigos cidadás da Alemaña comunista (hábitos, costumes, moda...). Anota a continuación os principais cambios, tanto os positivos como os negativos (por exemplo, na casa de Alex tiran os vellos mobles e compran outros mellores na parte occidental...):

-A nivel económico, ¿Qué cambios positivos e negativos se dan coa caída do réxime comunista na ex RDA?:

-¿En que traballa agora Alex?:

-¿Por qué a súa empresa vai tan ben?:

-En xuño de 1990, desaparece a fronteira política entre as dúas Alemañas. Pouco despois, esperta do coma Christine e Alex decide levala á súa casa. ¿Qué fai para que a nai non sufra un disgusto fatal trala súa saída do hospital?:

-¿Cal foi o "primeiro problema" co que atopou Alex para que a súa nai non se decatara da desaparición da súa amada RDA?:

-A reunificación continúa, e se toman novas decisións económicas para converter os dous Estados nunha única nación. ¿Qué reformas económicas aparecen recollidas no filme?:

-¿Cómo afectan, en particular, a Alex e á súa familia?:

-Alex e Lara "ocupan" un piso baleiro en Berlín, un dos moitos abandonados "polos que se foron de vacacións a Hungría e non volveron". Busca no libro a que se refiren:

-Tamén podes ver como moitos profesionais cualificados (médicos...) vanse á parte occidental. ¿Por qué o fan?:

-Non todo o que trouxo a reunificación foi positivo, tamén houbo consecuencias negativas, sobre todo, a nivel económico. Cita algunha delas que aparezan reflectidas no filme:

-¿Cómo consegue, de momento, enganar Alex á súa nai para que non se decate do fin do comunismo?:

-¿Qué fan o día do cumpreanos de Christine?:

-Durante a festa, ¿Qué lle chama tanto a atención, mirando pola ventá, a aquela?:

-¿Cal sería despois, a explicación segundo Alex?:

3. A NOVA ALEMAÑA UNIFICADA:

-Un día, Christine decide saír do seu dormitorio e baixar á rúa. ¿Con que se atopa nela? ¿Cres que empeza a sospeitar algo?:



-Christene acaba o seu paseo contemplando unha escea moi semellante a esta que tes. ¿Por qué lle afecta tanto e que cres que representa?:

-Nos últimos días da súa vida, Christine e os seus fillos van á súa casa de verán. ¿Qué terrible segredo lles conta alí a nai a aqueles?:

-Christine Kerner é hospitalizada. Mentres, Alex e Ariane atopan ao seu pai, ao que quere ver por última vez Christine. Mentres o localizan, ¿quen lle conta a verdade dos cambios acontecidos na ex RDA a aquela? ¿Cres que fixo ben?:

-Por certo, ¿quen era o taxista que leva a Alex a casa do seu pai?:

-Finalmente, Alex decide celebrar por todo o alto "o último aniversario da RDA" coa axuda do seu amigo Denis. ¿Cómo foi, segundo a súa montaxe, o final da división entre as dúas Alemañas?:

-Comenta estas frases do discurso do "Presidente" da RDA: "Non todo na vida son coches, televisores e aparellos de vídeo"; "Ser socialista é estar aberto aos demais". ¿Cres que na película só se critica ao comunismo? ¿Por qué?:

-¿Quen cres que enganou a quen nos últimos días de Christine?:

4. VALORACIÓN DOS PERSONAXES PRINCIPAIS:

-Comenta, brevemente, as personalidades dos principais personaxes do filme (características, ocupacións, aficións, que buscaban na vida, ideas...):



Alexander Kerner:



Christine Kerner:



Lara:



Ariene Kerner:

-Valora, igualmente, as personalidades doutros personaxes como o pai de Alex ou o seu mellor amigo, Denis:

-É interesane, tamén, as diferentes reaccións dalgúns dos personaxes da película ante a caída da Alemaña Democrática. Trata de explicar como se tomaron a desaparición do comunismo as seguintes persoas:

- *Alex, Ariane e Denis:*
- *Os viciños e amigos máis vellos do barrio dos Kerner:*
- *O antigo director da escola onde traballaba Catherine:*

5. VALORACIÓN PERSOAL DA PELÍCULA:

-Neste apartado final, debes facer a túa valoración sobre o filme, fixándote nos seguintes aspectos:

- *¿Coñecías a película?: ¿Gustouche?: ¿Por qué?:*
- *Anota os aspectos que ten de comedia e de drama, ao mesmo tempo, esta película:*
- *¿Qué escenas ou personaxes chamaron máis a túa atención?:*
- *¿Qué mensaxes ou conclusión poderías sacar desta película?:*